

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



XUNTA
DE GALICIA


TÍTULO IV

CAPÍTULO 1

Modelo



1.	GALICIA NO CONTEXTO DO ESPAZO ATLÁNTICO	4
2.	ÁMBITO	8
3.	MODELO TERRITORIAL	9
	3.1. Método e funcións	9
	3.2. Percepción e paisaxe.....	10
	3.3. Cronograma.....	10
	3.4. Aplicación	11
	3.5. Clasificación	11
	3.6. Xestión coordinada e dinámica	11
	3.7. Diversidade.....	12
4.	ESTRUTURA	13
5.	ÁREAS DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL	14
	5.1. Protección	14
	5.1.1 Protección ambiental.....	15
	Intermareal.....	15
	Costeira.....	15
	Bosques.....	16
	Ecolóxica.....	16
	5.1.2 Protección de corredor.....	17
	5.2. Mellora ambiental e paisaxística	18
	5.3. Ordenación litoral	19
6.	ESPAZOS DE INTERESE.....	20
	6.1. Espazos de Interese xeomorfolóxico	20
	6.2. Espazos de Interese de Taxons	21
	6.3. Espazos de Interese Paisaxístico	21
	6.4. Outros espazos con protección recoñecida.....	22
	6.5. Núcleos de identidade do Litoral.....	23
7.	ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN	24
8.	SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS.....	25
9.	MARCO XURÍDICO COMPLEMENTARIO. O CATÁLOGO E AS DIRECTRICES DE PAISAXE.	25
10.	CONCLUSIÓNS.....	27



Ámbito do Plan de Ordenación do Litoral e concellos afectados.

1. GALICIA NO CONTEXTO DO ESPAZO ATLÁNTICO

Resulta obvio dicir que Galicia forma parte da fachada atlántica europea. Pola súa latitude queda comprendida no dominio que tradicionalmente se adscribiu ás rexións de clima tépedo oceánico de latitudes medias e fachada occidental.

Desde aproximadamente 1989 a Unión Europea define o Espazo Atlántico como o conxunto das rexións marítimas da fachada occidental da Comunidade Europea.

Este Espazo Atlántico representa aproximadamente unha superficie de 856.420 km² e unha poboación total de 76.1 millóns de habitantes. Constitúe unha zona xeográfica, periférica en relación aos centros xeográficos e económicos de Europa. Existen certos elementos comúns que lle converten nun espazo con identidade propia tanto en termos culturais e históricos, como xeográficos, sendo o Océano Atlántico un elemento de unión e o punto forte desta cooperación.


Este espazo transnacional atlántico está constituído por rexións europeas que pertencen a cinco estados: Portugal, España, Francia, Irlanda, e o Reino Unido. O marco xeográfico xorde da identidade xeográfica e histórica que as augas do Atlántico confiren a estes territorios. Poderíamos dicir por isto que o seu ámbito máis significativo é o *ecotono* terra-mar. Este espazo, o litoral, é o que precisamente nos ocupa no presente documento.

Para que nos fagamos unha idea da importancia que a xestión deste Espazo ten en Europa, e só a modo de apuntamento, lembramos que en setembro de 2007 a Comisión Europea aprobou un Programa de Cooperación Territorial Europea dedicado á cooperación transnacional entre Irlanda, España, Francia, Portugal e o Reino Unido para o período 2007-2013.

O Programa Operativo de Cooperación Transnacional «Espazo Atlántico 2007-2013» prevé a concesión de axuda da Comunidade a trinta e tres zonas costeiras NUTS II dos países participantes, desde o Estreito de Xibraltar até o norte de Escocia. O Programa Operativo entra dentro do marco establecido para o Obxectivo de Cooperación Territorial Europea e ten un orzamento total de aproximadamente 159 millóns de euros. O investimento comunitario, a través do FEDER, ascende a uns 104 millóns de euros.

A liña máis importante de traballo é a que se compromete a contribuír ao desenvolvemento equilibrado e sustentable do espazo atlántico consolidando deste xeito un eixo prioritario de actuación: **Protexer, reforzar e mellorar a contorna mariña e costeira de maneira sustentable.**

Debido á enorme transcendencia histórica, patrimonial e ambiental que ten este territorio a gran maioría das rexións europeas deste espazo contan xa cun instrumento de ordenación protección e xestión do seu espazo costeiro.



Plan de Ordenación da Orla Costeira de Portugal.

Así por exemplo:

- Portugal conta con 9 Plans de Ordenación da Orla Costeira (POOC) aprobados por Decreto Lei (1998-2005): Alcobaça-Mafra; Burgau-Vilamoura; Caminha-Espinho; Cidadela-S.Julião da Barra; Ovar-Marinha Grande; Sado-Sines; Sines – Burgau; Sintra – Sado; Vilamoura - Vila Real de Santo António.

Tamén se desenvolveu un plan de Acción para o Litoral 2007-2013 que identifica as accións, necesarias para recualificar o litoral nacional e rexional. Das 84 accións identificadas como Prioridades de Intervención, 57 corresponden á Defensa Costeira das Zonas de Risco, 15 a Plans de Intervención e Recualificación Urbana/ Actividades Productivas e 12 a Estudos para mellorar o coñecemento do Litoral.



- En Francia a protección efectiva dos espazos naturais costeiros realízase a través da normativa xurdi da para encher o baleiro legal, e singularmente na creación en 1975 do Conservatorio do Litoral -Conservatoire de l'espace littoral et des rivages lacustres-- Lei nº 75-602 de 10 de xullo de 1975- do Conservatorio do Litoral, dedicado á protección dos espazos naturais e das paisaxes sobre as ribeiras marítimas e lacustres de Francia. O máis sólido fundamento da ordenación territorial do litoral xorde a través da Lei do Litoral de 1986 (Loi nº 86-2 du 3 janvier 1986, relative à l'aménagement, à la protection et la mise en valeur du littoral), que entraría en vigor o 3 de xaneiro e que constituiría o marco xurídico até a revisión parcial realizada pola Lei do 23 de febreiro de 2005. Os instrumentos que desenvolven de maneira integral estas políticas son os Plans de coherencia Territorial (Schémas de Cohérence Territoriale -SCOT-). Desde o 1 de xuño de 2008, o Conservatorio do Espazo Litoral protexe a 117.200 hectáreas e son 600 os espazos naturais protexidos, o que representa ao redor de 1.000 km de costas marítimas.

- No Reino Unido hai dous grupos de actuacións que especificamente se refiren á ordenación do litoral: por unha banda, os Shoreline Managements Plans (SMP) que á parte das implicacións ambientais teñen fundamentalmente un obxectivo de redución de riscos por desastres naturais na costa relacionados con riadas e procesos de erosión e, por outra, unha actuación integrada en zonas costeiras para a que vén tramitando desde o 2008, unha nova Lei cuxa segunda lectura na Cámara dos Lores está prevista para o 29 de xuño do 2009. A primeira xeración de plans aprobáronse na década dos 1990, de modo que cada ámbito da liña costeira está actualmente xestionado dunha forma específica de acordo cos criterios establecidos nos plans. Unha segunda xeración de SMP está actualmente en produción cubrindo a totalidade dos 6.000 quilómetros de costa entre Inglaterra e Gales.
- En España as competencias en materia de protección do medio ambiente, paisaxe e ordenación do territorio atópanse transferidas ás comunidades autónomas, de entre as incluídas no Espazo Atlántico:
 - Andalucía prevé culminar no 2010 a ordenación urbanística de todo o litoral andaluz, despois de que durante 2009 aprobaou tres plans subrexionais, isto é, os correspondentes ao Levante almeriense e as aglomeracións urbanas de Sevilla e Málaga, e culminou a redacción doutros seis --Costa Noroeste, La Janda e Campo de Gibraltar en Cádiz, Litoral de Granada e aglomeracións urbanas de Huelva e Almería-- que agora deben finalizar a súa tramitación administrativa para recibir en 2010 o visto e prace do Consello de Goberno da Xunta de Andalucía.
 - Asturias conta cun Plan Territorial Especial de Ordenación do Litoral Asturiano (POLA) por acordo do 23 de maio de 2005, adoptado polo Pleno da Comisión de Urbanismo e Ordenación do Territorio de Asturias (COTA). O POLA desenvolve o Decreto 107/93 polo que se aproban as Directrices Subrexionais para a Franxa Costeira de Asturias.
 - Cantabria conta cun Plan de Ordenación do Litoral aprobado pola Lei de Cantabria 2/2004, de 27 de setembro.
 - País Vasco conta con un Plan Territorial Sectorial de Protección e Ordenación do Litoral aprobado polo Decreto 43/2007, de 13 de marzo.

Non esaxeramos se dicimos que dependendo precisamente da maneira na que se enfoca a política ambiental, económica e social Galicia afástase, aproxímase ou depende, do contexto das rexións do eixo atlántico.

A personalidade do territorio galego na banda costeira continental proeñlle da combinación dos seus caracteres topográficos e climáticos e ao seu peculiar tipo de ocupación humana que construíu no transcurso de séculos, unha gran variedade de paisaxes litorais. Con todo Galicia chega a última á protección, ordenación e xestión do seu litoral.


O POL é polo tanto un documento necesario e inaprazable para a constitución dun marco normativo estable que protexa de forma efectiva o litoral da Comunidade Autónoma.




Plan de Ordenación do Litoral de Asturias.




Plan de Ordenación do Litoral de Cantabria.



Plan de Ordenación do Litoral de Asturias.



Plan de Ordenación do Litoral de Cantabria.





Dumbría. Costas do Pindo a Monte Louro.

2. ÁMBITO

Para a elaboración do POL tal e como se estableceu no Título III relativo á Paisaxe delimitouse un ámbito de estudo composto polas unidades litorais e prelitorais. Este ámbito de estudo diferenciouse á súa vez en dous:

- Ámbito de Xestión: composto polas unidades litorais e as súas dinámicas, constitúe o ámbito de aplicación do POL.
- Fondo litoral: engloba o marco ou fondo físico e, en ocasións, escénico das paisaxes litorais e está constituído, basicamente, polas unidades de paisaxe denominadas prelitorais. Ten como obxectivos preservar o fondo das escenas litorais sexan estas de carácter natural, urbano ou rural, así como garantir a utilización racional dos recursos naturais e un desenvolvemento urbanístico sustentable con criterios de integración paisaxística. Para iso é necesario a caracterización das unidades paisaxísticas que o conforman e o establecemento dos obxectivos e directrices de calidade paisaxística.

Deste xeito circunscribímonos a unha realidade física e non a un límite arbitrario no territorio como é o do 500 m. A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia suspendía a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que tivesen por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra a dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionaban no anexo. Esta medida ten que entenderse como unha medida cautelar, así se levou a cabo noutras comunidades autónomas, para permitir unha estabilidade dos desenvolvementos urbanísticos sempre que se redactaba o instrumento de protección do litoral. Queda claro que se trata dunha medida transitoria que non leva implícito ningún modelo territorial e que non responde á realidade do litoral de Galicia onde nestes 500 m. atopamos cidades tan importantes como A Coruña, Ferrol, Vigo e Pontevedra. Así por exemplo neste traballo detectáronse 165 Núcleos de Identidade do Litoral e na actualidade atópase ocupada por edificación o 3,2% da súa superficie.

A cifra dos 500 m como sabemos forma parte dese conxunto de “números máxicos” dos que está chea a lexislación urbanística e provén, en realidade, do artigo 58 do Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral para Desenvolvemento e Execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que establece:

1. A ordenación territorial e urbanística sobre terreos incluídos nunha zona, cuxa anchura se determinará nos instrumentos correspondentes e que será como mínimo de 500 metros a partir do límite interior da ribeira do mar, respectará as esixencias de protección do dominio público marítimo-terrestre a través dos seguintes criterios:

- En tramos con praia e con acceso a tráfico rodado, preveranse reservas de solo para aparcadoiros de vehículos en contía suficiente para garantir o estacionamento fóra da zona de servidume de tránsito.
- As construcións terán que adaptarse ao establecido na lexislación urbanística. Deberase evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes sen que, a estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar no termo municipal respectivo.

O POL propón, con todo, unha ordenación do territorio costeiro que responde a límites físicos, comprendidos dentro do ámbito de xestión, o que supón un 7,2 % da superficie de Galicia, fronte ao 2,73 % de Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.



IV.1.02

Vista panorámica da Ría de Ferrol.

3. MODELO TERRITORIAL

3.1. MÉTODO E FUNCÍONS

Tra la análise exhaustiva do territorio e trala Síntese Territorial realizada, configúrase o Modelo Territorial do POL conforme aos obxectivos e determinacións descritos no Título I deste Plan.

Para a definición do Modelo tivéronse presentes a Síntese Territorial realizada, os obxectivos e determinacións descritos no Título I, así como as funcións do Plan de Ordenación do Litoral. Deste xeito son funcións do Plan de Ordenación do Litoral:

- a) A definición do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sustentable
- b) A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.
- c) Sinalar e delimitar aqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potencias, xustifiquen a súa conservación e protección.
- d) A concreción no ámbito litoral de criterios globais para a ordenación dos usos do chan, a regulación de actividades e o establecemento das directrices para a súa protección, ordenación e xestión.
- e) Fixar as directrices para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación dos usos do chan, dentro das distintas categorías de ordenación en relación ás distintas unidades paisaxísticas.
- f) Elaborar unha normativa particular de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular e controlar os usos e actividades localizados no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais.
- g) Establecer un marco básico de referencia para integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sustentabilidade dos recursos naturais do litoral.
- h) Lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as Administracións que operan sobre o litoral e a súa contorna terrestre (Administracións Central, Autonómica e Local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O POL é un instrumento de desenvolvemento sustentable que une os intereses e a xestión de tres administracións e consiga unha posta en valor da costa permitindo un goce público da mesma sen degradar o medio.
- i) Constituír a base para a elaboración dun Programa Coordinado de Actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.

¡Para iso traballamos desde o convencemento de que protexer non é só prohibir, senón que consiste en xestionar un territorio, ordenando os seus usos atendendo á súa configuración natural e antrópica, así como aos seus procesos e dinámicas.



3.4. APLICACIÓN

O POL non parte dun “taboleiro en branco”, senón dunha situación de preexistencia de asentamentos no litoral e de distintas planificacións con distintas formulacións e modelos, como vimos. Isto esixe do plan territorial unha reflexión sobre o mecanismo máis eficaz para implantar o novo modelo territorial. Posto que o POL é un plan que contén, por unha banda, directrices e criterios de protección, e por outra, de ordenación, necesita da adaptación progresiva dos plans municipais no ámbito do litoral para que o modelo territorial previsto se converta nunha realidade. Polo tanto, o POL debe ser un documento capaz de dirixir estes procesos, por ese motivo, sen prexuízo do establecido no seu réxime transitorio e ata que o plan urbanístico se adapte ao POL, non se aplicará este novo modelo aos ámbitos consolidados, o contrario ocasionaría unha grave inseguridade xurídica. Ao mesmo tempo hai que recoñecer que o plan territorial non pode nin debe descender a cuestións que están na óptica do urbano. É dicir, non se aplicará ata que a planificación non se adapte aos criterios xerais do POL nos solos clasificados á súa entrada en vigor como urbanos consolidados, núcleos rurais ou aqueles que contén cun instrumento de desenvolvemento e de xestión aprobado definitivamente.

Trátase de promover un novo marco metodolóxico, de análise e normativo no que deben verse reflectidas o resto das políticas públicas con incidencia no territorio. Todo iso sen producir unha “perturbación” nas realidades de carácter “urbano” preexistentes no que o énfase debe estar posto no proxecto urbano, desde unha mirada máis próxima ao “cidadán e á cidade” (sexo este un ambiente metropolitano, urbano ou rural).

Con todo, non quixemos esquecer a posibilidade de situacións sobrevindas que, froito de sentenzas xudiciais firmes, puidesen deixar un baleiro legal de producirse. Nestes casos ábrese unha oportunidade para realizar unha ordenación racional do territorio conforme aos novos criterios establecidos no POL. Así, naqueles solos respecto dos que, trala entrada en vigor do POL, se acreditase que non contaban cos requisitos legais para ser clasificados como urbanos e núcleos rurais por imperativo de sentenza xudicial firme, quedarán suxeitos ás determinacións mesmo. Como é lóxico, o mesmo rexerá para o caso de que se anulase un plan definitivamente aprobado.

Posto que a función primeira do POL é a protección e conservación dos recursos naturais do litoral, e posto que a consideración destes valores debe ser recoñecida por calquera instrumento de ordenación territorial e urbanística, xa que podemos consideralos unha condición inherente aos solos, proponse un documento no que as grandes liñas da protección teñan eficacia desde o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Con todo, aquelas determinacións ligadas á ordenación detallada que necesitan da interpretación do planificador, e que deban ser recollidas e incorporadas ao plan urbanístico, pospóñense ao momento no que a planificación se adapte ao POL.

Por outra banda, é importante indicar que o POL aspira a regular as necesidades do existente, pero tamén contén unha importante capacidade de proposta orientada a medio e longo prazo. Iso leva consigo que o Modelo desenvolvido desde a escala territorial, necesita da posterior definición ou concreción desde a planificación municipal, con base aos criterios que neste Plan se determinan, e que están baseados na relación entre a sustentabilidade do modelo territorial e urbanístico e a fragilidade do territorio sobre o que se implanta.

É un documento que se debe reafirmar con cada acción que o desenvolva, con cada Plan que se adapta a el. É un Plan de Gobernación do Litoral.

3.5. CLASIFICACIÓN

É importante entender que o POL non clasifica nin cualifica solo, pero con todo si que presenta unha documentación integrada de cara á valoración territorial ambiental e paisaxística, establecendo distintos ámbitos, así como os criterios e normas que rexerán neles, co fin de que a planificación municipal estableza o seu modelo de desenvolvemento no marco dos mesmos de maneira inequívoca.

Desta maneira dótese non só de seguridade xurídica ao proceso de elaboración da planificación, senón que tamén se asegura a salvagarda dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e patrimoniais, así como un uso racional e sustentable do territorio.

Froito da metodoloxía seguida, o POL convértese no marco das políticas públicas de escala local ou supra-municipal con incidencia no territorio, co obxectivo de realizar un uso máis coherente e sustentable do espazo litoral e facilitar deste xeito a mellora da calidade de vida das súas poboacións e visitantes.

Para iso é necesario establecer “as regras do xogo” dunha colaboración harmónica entre os sistemas naturais e as actuacións de carácter humano. De tal maneira que a necesaria implantación de usos e actividades neste territorio, por outra banda complexo e activo, realícese atendendo ao interese xeral e valorando todos e cada un dos elementos analizados neste documento por igual.

Xa que logo Nno momento da súa adaptación ao POo clasificará os solos conforme a lexislación urbanística e aos criterios para a súa delimitación e desenvolvemento de contidos neste Plan.

Tamén debe quedar claro que posto que a clasificación do solo como urbano e núcleo rural é unha cuestión taxada en función dunha serie de supostos establecidos na lexislación urbanística, a clasificación nestas categorías pode producirse en calquera ámbito do POL, alí onde concorran estes requisitos. Con todo, unha cousa é a clasificación e outra é a cualificación, é dicir, a intensidade e o uso que se confira a ese ámbito. Aí é onde en función do ámbito do POL no que se sitúe o solo rexerán uns ou outros criterios.


A planificación urbanística determina os seus ámbitos de desenvolvemento e crecemento conforme aos parámetros establecidos na lexislación vixente en atención a uns obxectivos propios. Coa aprobación do POL estes obxectivos deben estar en sintonía cos fixados polo POL desde unha escala territorial.

3.6. XESTIÓN COORDINADA E DINÁMICA

Polo tanto, poderíamos dicir que o POL é tan só unha peza máis, un elo, que necesita da transposición dos seus criterios e directrices ao modelo proposto polos distintos plans urbanísticos dos municipios costeiros, ás distintas políticas e plans sectoriais, co fin de alcanzar os obxectivos do mesmo.

O POL convértese así nun instrumento imprescindible para alcanzar o necesario equilibrio entre a localización das poboacións e as actividades no territorio, e a súa efectiva protección para lograr un desenvolvemento sostible. Desta maneira, da suma do Plan e do Catálogo de Paisaxe resulta un instrumento que se espera sexa o suficientemente eficaz para a redacción dos novos plans urbanísticos e supoña unha reorientación dos modelos de utilización do territorio e dos recursos naturais no ámbito litoral, parte fundamental do patrimonio e identidade rexional.

O POL pretende conseguir unha protección e ordenación da paisaxe litoral mediante unha xestión dinámica. Esta xestión xorde da combinación de criterios e determinacións contidas no Plan e no Catálogo de Paisaxe a través das fichas de unidades de paisaxe. Trátase, como se dixo con anterioridade, dunha nova cultura do territorio que se actualiza cada día.



4. ESTRUCTURA

A costa en Galicia é un espazo suxeito a fortes dinámicas entre a superficie terrestre, a atmosfera e o mar. Poderíamos asemellala a unha estrutura fractal, susceptible de analizarse a través d ediversas escción. Isto é debido, entre outros factores, a qña da costa é unha superficie sumamente complexa en a pola erosión labrou unha gran variedade de formas a partir da diversa tipoloxía litolóxica presente no litroca. Sen ningunha dúbida Galicia e a súa costa son un bo maior expoñente dun sistema comidade no que caben ininitaos aproximaexía.

Estas estruturas créanse a partir dun método iterativo. Este tipo de métodos son aqueles que se repiten aplicando a mesma regra sucesivamente ao resultado da anterior. Este é o principal motivo de que encontremos fractais na natureza de forma tan abundante, xa que se dá nos procesos xeolóxicos ou o crecemento de moitas estruturas biolóxicas, que utilizan estas estruturas para o desenvolvemento da súa morfoloxía.

O que nos interesa deste concepto é que este litoral con multitude de entrantes e saíntes que forman no seu conxunto xeoformas con propiedades fractales, que s estndense polo territorio costeiro estruturando e condicionando distintos modelos de ocupación. O mesmo ocorre coas rías, elementos xenuínos sen oe cal é imposible entender a Costa de Galicia.

Fronte a esta realidade moitas veces as normativas que xera o ser humano son homoxéneas e simples, con todo cando estas determinacións se trasladan á natureza non atopan o seu acomodo. A realidade é que a Costa de Galicia, como vimos ao longo de todo o documento, é complexa estrutural e dinamicamente, o que se traduce nunha enorme diversadiversidade. Por isto é imprescindario aproximarse desde perspectivas sistémica.

Así , ordenar esta realidade é comprendela. O modelo previsto polo POL configúrase a partir dunha superposición de áreas e espazos con determinacións diferentes. Para poder interpretalo temos que ser capaces de relacionar estes ámbitos de tal maneira que da súa interiorización xurda a proposta. Non se trata só de realizar subconxuntos destes ámbitos, senón de ter en conta as súas interconexións. Polo tanto poderíamos dicir que a lóxica da estrutura do modelo que presenta o POL é ante todo relacional e non, como estamos afeitos, unicamente zonal.

Por este motivo o POL establece unha estrutura composta por áreas, espazos e sistemas que se superpoñen e complementan para poder así recoller as particularidades de cada ámbito, configurando desta forma un plan feito á medida de Galicia.

Deste xeito, o Modelo Territorial previsto no POL supón a complementariedade de determinacións aplicadas aos seguintes ámbitos co obxectivo de pór en valor os seus trazos identitarios.

Ámbitos

Un dos criterios á hora de establecer estes ámbitos foi o de facilitar ao mesmo tempo a comprensión e a lectura dos valores patrimoniais que os conforman. Entendemos que esta é a mellor maneira de dar a coñecer os obxectivos que persegue este plan. Deste xeito a cartografía do POL deixa entrever os distintos usos do solo e elementos que se engloban dentro dos diferentes ámbitos. Esta lectura, xunto coas descrições dos distintos campos relideitos nas fichas das unidades de paisaxe, móstranos unha aproximación á realidade territorial e permítennos comprender a estrutura do modelo territorial propeito aA estrutura e as determinacións finais con fórmanse pola interpretación dunha xustaposición de ámbitos relacionados entre si.



Ría de Arousa.

Desembocadura do río Umiá.

É importante indicar que se buscou en todo momento a denominación das categorías de tal modo que cumpran un dobre obxectivo:

- Por unha banda constituír ámbitos diferenciados do territorio de tal maneira que a súa definición sexa facilmente comprensible e identificable no lugar.
- Ao mesmo tempo que esta especificidade de ámbitos facilite o seu adecuado réxime de usos, ao poder establecer tan só aqueles que lle son propios e compatibles sen que iso supoña un menoscabo dos seus valores, xa sexan estes naturais ou antrópicos.

Así, este modelo supón a coordinación das determinacións e relacións entre os seguintes ámbitos:

- Áreas do Plan de Ordenación do Litoral: zonificación continua do territorio comprendido dentro do ámbito do POL.
- Espazos de Interese: lugares e ambientes descontinuos que con independencia da súa localización nunha ou varias das áreas do POL posúen unhas características singulares e homoxéneas que lles fan merecedores dun especial recoñecemento.
- Ámbitos de Recualificación: escenarios nas que se fai necesaria a mellora das súas condicións ambientais, morfolóxicas e funcionais con criterios de integración paisaxística.
- Sistemas Xerais Territoriais: elementos que conforman a estrutura xeral orgánica do territorio desde o punto de vista supramunicipal.

Polo tanto, un mesmo territorio pode estar suxeito ás determinacións dun ou varios destes ámbitos en función das súas singularidades naturais ou antrópicas. Queda claro que calquera intervención que se desexe desenvolver nun lugar debe cumprir os requisitos establecidos para as áreas e espazos nos que se atope.

É importante entender aquí que, tal e como se explicou, que a política de protección, ordenación e xestión do territorio litoral ten que ver co entendemento e a complementariedade das normas de protección e os criterios de ordenación, xuntos conforman o marco xurídico básico, establecendo así as “reglas do xogo” dun desenvolvemento harmónico e sustentable cos valores do litoral.

Este marco xurídico básico verase completado polos **obxectivos de calidade paisaxística e as directrices de paisaxe** que resulten tras o proceso de desenvolvemento e elaboración dos Catálogos de Paisaxe en paralelo á tramitación deste plan, constituíndo así o **marco xurídico complementario**.



*Estrutura fractal da zona intermareal da
Ría de Ribadeo. Mariña Lucense.*



5. ÁREAS DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

A análise dos elementos constitutivos destas paisaxes, os seus valores e os seus procesos orixinou un Modelo Territorial definido mediante diferentes áreas suxeitas a distintas regulacións que teñen como obxectivo a xestión integral do territorio litoral.

Aos efectos do presente Plan de Ordenación do Litoral, dentro do ámbito de xestión, distínguense as seguintes áreas:

1. **Protección:** ámbitos que, en atención ás súas características naturais singulares, así como aquelas relacionadas coas formas e procesos litorais, son merecedoras dun especial tratamento.

As categorías de protección que se integran nesta área, agrúpanse á súa vez en:

Ambiental:

- Intermareal
- Costeira
- Bosques
- Ecolóxica

Corredor

2. **Mellora ambiental e paisaxística:** constitúe a fronte litoral, trátase do territorio directamente asociado coa paisaxe litoral. Posúe un gran interese desde o punto de vista dos seus valores ambientais e paisaxísticos, e ao mesmo tempo convive cunha forte presión antrópica.

3. **Ordenación Litoral:** ámbitos de organización do modelo territorial no que se fai compatible o crecemento coa protección dos valores litorais recolleitos, entre outros, nas fichas das unidades de paisaxe que comporá o Catálogo de Paisaxe Litoral.

5.1. PROTECCIÓN

Unha cuestión importantque de aclarar en relación á protección é que as áreas suxeitas a protección que se indican neste apartado, o son en atención aos seus valores específicos a escala territorial e desde o punto de vista dun documento como o POL. É dicir, desde a óptica dun Plan Territorial Integrado no ámbito do Litoral de Galicia. Isto significa que o plan municipal deberá valorar outras cuestións, que tan só se poden e débense ter en consideración desde unha escala máis próxima á óptica do local e que teñen que ver con outras cuestións relacionadas con necesidades infraestruturais, dotacionais, urbanísticas e sociais no sentido amplo. Polo tanto, o Plan ademais destes ámbitos deberá, en atención ao modelo definido polo PGOUM e en coordinación co do POL e o resto das políticas de carácter territorial ou sectorial, establecer as clasificacións do seu termo municipal e determinar ademais destoutros ámbitos de entre os recolleitos en áreas de Mellora Ambiental e Paisaxística e de Ordenación Litoral, que deban ser merecedores dunha especial protección por conter algúns dos valores establecidos na lexislación urbanística.

Quíxose diferenciar dous tipos de espazos merecedores dunha especial protección:

Por unha banda aqueles recolleitos baixo a denominación ambiental, postoque os seus valores dnción ados seus compoñentes xeomorfolóxicos e biofísicos coa particularidade de que todas elas se corresponden con ambientes concretos que podemos identificar con claridade. Trátase de escenarios nos que se aprecian hábitats diferentes. Estes valores deberían “aflorar” en calquera documento de avaliación ambiental dun plan ou programa de carácter territorial, sectorial ou municipal, con independencia de que existise o POL. É dicir, que aquí o POL simplemente fai visibles estes valores naturais, ambientais e científicos incorporando un obxectivo de continuidade dos mesmos coa intención de dotalos de funcionalidade ecolóxica. Tívoise sempre como criterio o de establecer bandas continuas ou áreas suficientes, posto que na natureza non existen límites, incluíndo polo tanto do mesmo xeito as súas franxas de transición (bioclimáticas, físicas, etc.)

Por outra banda atópase a categoría que denominamos de corredor e que o seu valor reside na capacidade que posúe como conxunto susceptible de dotar de conectividade ecolóxica e, polo tanto, de funcionalidade non só aos espazos que percorre, senón a aqueles que conecta. Ten como base a rede fluvial, formalizando así unha estrutura interconectada de espazos. A existencia de corredores é fundamental para a boa “saúde” do sistema, posto que fortalece as súas interconexións e, con elas, a “calidade” de cada un dos elementos que o configuran e do sistema no seu conxunto. Con eles se están a garantir fluxos de enerxía, de materia e de “información”. Estes corredores son as estradas naturais e no seu percorrido transmítese parte da información necesaria para a vida.

5.1.1. Protección ambiental

Comprende os ámbitos con caracteres físicos e ambientais sobresalientes relacionados coa dinámica costeira, así como aqueles elementos de valor en atención á súas características naturais, englobando as seguintes categorías de protección:

Intermareal

Correspóndese coas áreas nas que o escenario costeiro prolóngase por rías e estuarios xerando formas asociadas á dinámica fluvio-mariña, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

Recolle as áreas de elevado valor ambiental por albergar as chairas intermareais, así como as marismas altas e baixas, todos eles ámbitos afectados pola dinámica fluvio-mariña.

Os obxectivos que aquí se perseguen consisten en preservar a funcionalidade destes ecosistemas profundamente vinculados coa dinámica fluvio-mariña, ao mesmo tempo que a mellora da calidade das augas. É especialmente importante nestes ámbitos non soamente evitar a súa ocupación senón mellorar a súa calidade (en concreto a calidade das súas augas) posto que supoñen hábitats excepcionais e sen dúbida identitarios das zonas costeiras. Son ámbitos nos que as perturbacións de carácter antrópico poden alterar o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, provocando así a perda da súa biodiversidade.

Costeira

Correspóndese coas áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación. Cada unha das sete comarcas costeiras presenta un perfil ou conxunto de perfís que a fan diferente, e é precisamente en base a estes ambientes coe ao que podemos identificar en que lugar da costa de Galicia nos atopamos. A súa diversidade, expresividade e beleza seguen sendo nos nosos días o mellor expoñente do litoral de Galicia.

A costa galega posúe unha riquísima variedade de xeoformadas (cabos, enseadas, cantís, sistemas de praia-duna, lagoas litorais, etc.). Nesta diversidade e expresividade reside parte do gran potencial do litoral galego.

A protección costeira Recolle, polo tanto, espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico por constituír as xeoformas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo xeito inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas costeiras.

Os obxectivos que guían esta categoría pasan por conseguir a definición dunha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar os seus valores característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico. Isto por unha banda permítenos preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas ao mesmo tempo que lles proporciona conectividade.

Dentro destes ámbitos localízanse os areais costeiros. No Anexo 3 deste traballo recolléronse por primeira vez e de forma homoxénea 863 areais coas súas distintas características.



Ría de Ortigueira.
Rías Altas.



Praia de O Trece.
Costa da Morte.



Protección de bosque. Outes. Rías Baixas.



Protección ecolóxica. Baldaio. Arco Bergantiñán.

Bosques

Engloba aqueles ámbitos onde o carácter físico dominante é a vexetación arbórea autóctona, por conformar hábitats de interese e alta fragilidade, os soutos e carballeiras, outras masas mixtas e a vexetación de ribeira, entre outros. Esta protección esténdese tato aás masas de recolonización.

Son manchas descontinuas que perderon superficie nestas décadas, fcomo consecuenoito da expansión das áreas urbanas ou da súa substitución por explotacións forestais con repoboacións de piñeiro ou eucalipto. Pola súa escaseza, ademais de polo interese e fragilidade dos seus ecosistemas, son considerados espazos singulares.

Tamén é posible atopar algunhas destas manchas en ámbitos urbanizados. Nestas contornas o interese dos mesmos reside na posibilidade de incorporalos ao conxunto de espazos libres para desta maneira poder tutelar e xestionar os seus valores. As actuacións que neles leven a cabo teñen que ser coherentes coa natureza das súas formacións ou da súa organización natural, debéndose evitar a súa artificialización.

Os obxectivos destes ámbitos pasan por tanto por preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas proporcionándolles conectividade con outros hábitats mediante os corredores ecolóxicos. Isto supón non só evitar a súa fragmentación, senón evitar ao mesmo tempo una excesiva presión sobre os bordos garantindo a súa función de filtro natural, así como unha adecuada transición co resto dos compoñentes da matriz biofísica asociada. Ao mesmo tempo como calquera hábitat, non vale só con preservalo, senón que é necesario garantir unha adecuada xestión.

Ecolóxica

Engloba maioritariamente aqueles espazos que conteñen hábitats de interese e alta fragilidade por pertencer ao amplo catálogo de humidais recolleitos no Convenio RAMSAR. Tamén recolle, en función do seu emprazamento en relación á paisaxe litoral, espazos recollidos como Lugares de Interese Comunitario (LIC). Basicamente está composto de pantanos con vexetación arbustiva, turbeiras, herbais húmidos e breixeiras, entre outros, así como pequenos humidais seminaturais de uso intensivo.

Da mesma maneira que as masas boscosas, non responde a superficies continuas na maioría dos casos. Son unha das zonas que máis transformacións sufriron, nuns casos polo seu aproveitamento para o cultivo, e noutros por que os cursos de auga que aseguraban a súa funcionalidade desecaron ou decreceron.

Polo tanto, entre os seus obxectivos está o evitar a súa alteración por procesos de desecamento e/ou colmataxe, así como preservar a funcionalidade dos seus ecosistemas proporcionándolles conectividade a través da súa conexión con outros hábitats mediante os corredores ecolóxicos.

*Protección de corredor.
Río Anllóns. Costa da Morte.*



5.1.2. Protección de corredor

Atópanse recollidos nesta categoría, entre outros, os ríos e a súa vexetación de ribeira, así como os ámbitos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats que os conforman, incluíndo áreas hidromorfas, matogueira de substitución, lagoas non costeiras e encoros.

Os corredores configúranse como ámbitos continuos, de carácter territorial, de conexión de elementos patrimoniais tanto desde o punto de vista natural como cultural, dotando así de conectividade ecolóxica e funcional ao territorio.

Configúrasí como unha protección que se superpón ao resto das determinacións específicas de cada Área que atavesae, doándooas dun valor engadido como espazos necesarios para o bo funcionamento do sistema.

A esta escala territorial están representados como unha área de movemento, é dicir, como un ámbito que a planificación urbanística deberá limitar e motivar de forma máis precisa e maneira coordinada cos organismos con competencias na materia. Para esta delimitación deberase ter presente a función ecolóxica e de reserva de solo que supoñen estes ámbitos, ademais de potenciar o seu uso como elementos capaces de dotar ao territorio de maior lexibilidade. Esta cuestión última cobra aínda máis forza como ferramenta para a planificación nas contornas con procesos de ocupación difusa.

Do mesmo xeito o plan municipal poderá establecer, no momento da súa revisión e adaptación ao POL, cunha metodoloxía análoga, outros corredores complementarios ou alternativos, adecuados á escala e funcionalidade do seu papel no municipio.

Os obxectivos que se perseguen con esta categoría son os de dar continuidade ao resto de Áreas de Protección recollidas, contribuíndo a unha maior funcionalidade e diversidade dos ecosistemas e paisaxes, minimizando a fragmentación provocada por outros usos. Da mesma forma a súa función é a de preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos e a de mellorar a imaxe urbana ou rural.

Tras la formalización final destes ámbitos conseguiuase establecer unha rede verde a escala territorial, que sirva de soporte para o coñecemento e poña en valor este rico patrimonio, facilitando a utilización destes espazos como corredores, non só de vida, senón tamén de percorridos de conexión e interpretación do territorio e a paisaxe.





Traba. Costa da Morte. Vista en planta e vista aérea.

5.2. MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

Recolle o territorio comprendido entre a área costeira e os primeiros eixos e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, comprendendo deste xeito a paisaxe litoral próxima á costa.

Engloba, polo tanto, as chairas e vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado coa esencia do mar, constituíndo ademais na maioría dos casos, as áreas suxeitas a maior presión antrópica nas últimas décadas, nas que se fai necesario a súa tutela desde o punto de vista ambiental e paisaxístico.

Estes son os ámbitos nos que se fai necesario unha maior vontade por parte da sociedade para asumir os retos de contar cunha paisaxe litoral de calidade por tratarse, na maioría dos casos, dos lugares tralos que se situaron os asentamentos tradicionais e que experimentaron durante as últimas décadas fortes presións e ocupacións froito de procesos de crecemento e dispersión.

A vocación desta categoría é permanecer libre de edificación conformando deste xeito o que poderíamos denominar a paisaxe litoral

Con todo, as situacións idílicas non existen e a complexidade e diversidade do sistema de asentamentos, así como as transformacións recentes no territorio e os fenómenos de dispersión e difusión, fan necesario que neste ámbito non só teñan cabida operacións de crecemento motivado e contido desde os asentamentos, senón outras de mellora dos ámbitos que, incompatibles cos criterios do POL, podamos atopar nesta categoría.

Polo tanto, o seu obxectivo principal é o de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural reivindicando esta fronte litoral como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso e un indicador da calidade de vida de Galicia. Pero tamén ten como obxectivo mellorar aquelas intervencións que non se axustan ao modelo proposto no POL e necesitan de actuacións para colaborar a transformar estas escenas en paisaxes de calidade. Desta forma garántense a integridade do bordo costeiro como espazo público de valor e o goce social, ao mesmo tempo que un desenvolvemento urbanístico sustentable e integrado na paisaxe.

Sen dúbida ninagunha desta categoría supón, como indicamos, o maior reto para a sociedade galega, Dda súa xestión dependerá o éxito deste documento, posto que se trata dun ámbito no que a administración local, autonómica e territorial ten unha certa marxe de discrecionalidade na toma das súas decisións. Esta responsabilidade require o compromiso por facer cumprir determinacións do presente documento guiándose en todo caso polos principios de congruencia e caución.

Para que estas decisións sexan motivadas e dotar de seguridade xurídica a POL, establecéronse unha serie de criterios:

- Evitar a ocupación da fronte litoral.
- Favorecer a concentración fronte aos procesos de dispersión.
- Mellorar, recualificar, conservar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral.
- Favorecer o mantemento desta área como un espazo aberto e natural en continuidade coa área costeira.
- Mellorar a calidade ambiental e paisaxística da paisaxe litoral.
- Preservar a biodiversidade dos ecosistemas presentes nestes ámbitos.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e reforma respectivamente.
- Integrar paisaxisticamente os usos e actividades permitidos e autorizables nestes ámbitos.



IV.1.13

Foz. Mariña Lucense. Vista en planta e vista aérea.

5.3. ORDENACIÓN LITORAL

Recolle as planicies costeiras e de transición situadas trala fronte litoral nas que, na maioría das ocasións, podemos atopar asentamentos ligados visual e/ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

Como é lóxico trátase de ámbitos nos que existe unha relación co litoral, posto que se atopan incluídos dentro das unidades litorais, porén localízanse no que poderíamos denominar a segunda liña do modelo de organización do territorio ou, noutros casos, supoñen ámbitos de ladeiras entre pequenos vales.

O espírito de todo este documento baséase en garantir a utilización racional dos recursos naturais co fin de promover un desenvolvemento urbanístico sustentable e a súa integración na paisaxe. Polo tanto, os criterios xenéricos aplicables a esta categoría parten do entendemento deste ámbito como un espazo de relación dos distintos asentamentos e usos coa súa contorna natural. No caso de que neles se localicen asentamentos, débese favorecer o mantemento da trama existente, evitando tanto

a dispersión como os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais entorno ás vías de comunicación.

Tamén se localizan nesta área a maioría dos asentamentos de entidade do litoral, as grandes cidades e os procesos máis intensos de ocupación difusa das súas periferias e contornas metropolitanas.

Nestes ámbitos a planificación deberá enfrontarse ao territorio desde o proxecto do baleiro, apoiándose nos elementos de carácter patrimonial (natural ou antrópico) con máis potencialidade de cara a reconstruír un novo molde de organización.

Todos estes mecanismos colaborarán para dotar ao territorio dun modelo máis comprensible, cohesionado e harmónico, ao mesmo tempo que contribúen á mellora da súa calidade ambiental e paisaxística.



Espazos de Interese Xeomorfolóxico. Ortegal. Rías Altas.

6. ESPAZOS DE INTERESE

No territorio coexisten varias metodoloxías e criterios froito de traballos elaborados para a consecución de obxectivos diferentes ao longo das últimas décadas. Tal e como indicamos, o POL xorde coa vontade non só de realizar unha xestión dinámica da realidade territorial, senón unha ordenación en materia de paisaxe. Os traballos que se realizaron para a caracterización da paisaxe, a cartografía de dinámicas e usos do solo, así como dos procesos e os asentamentos foron orixinais para este traballo, aínda que para iso utilizouse diversas fontes documentais.

Con todo, este traballo non pode deixar de ter en conta outras regulacións como as existentes en materia de protección de espazos naturais (LICs, ZEPAs, RAMSAR) entre outras, cuxa incidencia nas políticas territoriais en base á súa lexislación específica determinan en certa maneira o modelo de organización territorial futuro.

Para unha maior colaboración administrativa, ao mesmo tempo que para facilitar a comprensión das características destes ámbitos, optouse por identificalos de tal maneira que as súas determinacións se superpoñen ás anteriormente descritas para as áreas do POL.

Isto é así posto que na maioría dos casos as escalas destes traballos e o seu grao de concreción conteñen diferenzas coa cartografía específica realizada para o POL. Noutras ocasións, como no caso dos taxons ou dos espazos de interese xeomorfolóxico, a propia especificidade da materia fai que aínda que se tivera en consideración para a delimitación das áreas, non poden constituir en si mesmos un espazo diferenciado, posto que entón se perdería o traballo miúdo que se realizou para desagregar os distintos elementos que compoñen os lugares que podemos identificar.

Polo tanto, a decisión final foi superpoñer estas capas de información de tal maneira que da lectura do documento se poida, por acumulación e relación das determinacións de cada un dos espazos aplicados a un mesmo territorio, ter unha lectura fiel da globalización de valores que conflúen no mesmo, sen por iso perder a posibilidade de identificar os seus elementos.

Ao tanto, co dobre obxectivo de preservar e favorecer o coñecemento dos valores naturais e culturais do litoral, recóllense na Cartografía outros espazos de interese dentro do ámbito:

- Espazos de Interese Xeomorfolóxico
- Espazos de Interese de Taxons
- Espazos de Interese Paisaxístico
- Outros Espazos con Protección recoñecida
- Núcleos de Identidade do Litoral

6.1. ESPAZOS DE INTERESE XEOMORFOLÓXICO

Recolle os ámbitos únicos e singulares das xeiformas costeiras. Estes espazos atópanse na súa práctica totalidade recollidos nalgunha das categorías descritas nos apartados Protección e Mellora ambiental e paisaxística anteriores.

O obxectivo que se persegue coa delimitación dos mesmos é dobre. Por unha banda prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas de formas, as súas características e relacións espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual e, por outro mellorar o coñecemento destas xeiformas costeiras.

6.2. ESPAZOS DE INTERESE DE TAXONS

Recolle a existencia de taxons vexetais endémicos, vulnerables ou de distribución reducida, recollidos no Atlas e Libro Vermello da Flora Vascular Ameazada de España, recoñecibles como Taxons Prioritarios. Son un dos patrimonios máis fráxiles existentes na costa de Galicia.

Estes espazos atópanse na súa práctica totalidade recollidos nalgunha das categorías descritas nos apartados Protección e Mellora ambiental e paisaxística anteriores. Para a súa definición abarcouse toda a xeoforma na que aparece a especie.

O obxectivo que se persegue neste caso é o de preservar e manter a biodiversidade e a saúde ecolóxica dos ecosistemas, ao mesmo tempo que favorecer a funcionalidade ecolóxica destas especies. Para iso é imprescindible non alterar as condicións naturais dos espazos nos que se localizan estes endemismos.

6.3. ESPAZOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Neste caso trátase dun aporte orixinal realizado para o POL co obxectivo de dar a coñecer e chamar a atención sobre os espazos costeiros sobresalientes pola súa excepcionalidade ou singularidade física, polos seus caracteres xeomorfolóxicos ou pola súa incidencia no imaxinario colectivo do litoral de Galicia.

Para a súa delimitación mantívose o criterio de recoller principalmente as unidades de paisaxe de gran cantil, A1 e A2. Do mesmo xeito escolléronse por cada comarca costeira os cabos e outros elementos significativos do relevo en relación aos da súa contorna e sector.

Xa indicamos que a conta de Galicia presenta unha enorme diversidade e multiplicidade de xeoformas. Así, desde ese punto de vista cada cabo, barra ou saínte podería, en si mesmo, constituír un elemento de significación paisaxística, e probablemente para as comunidades locais cada un destes elementos no seu territorio efectivamente o sexa. Con todo, buscouse facer aflorar os máis significativos ou característicos de cada sector e comarca costeira. Aínda así identificáronse 95 espazos que se atopan recollidos no Anexo 1 do presente documento.

Preténdese que ao final do proceso de participación pública os espazos de interese paisaxístico que resulten recollan o sentir da sociedade galega, en especial das comunidades litorais, para que sintan recollido o conxunto dos espazos de maior significación desde el punto de vista cultural.

Son, polo tanto, ámbitos de importancia como fitos configuradores da paisaxe. Como é lóxico están sometidos a unha elevada exposición visual, polo que calquera alteración que non atenda aos seus trazos ou elementos significativos é susceptible de xerar un impacto importante na paisaxe litoral.

Nalgúns deles existen elementos patrimoniais ou asentamentos. Precisamente por isto a planificación urbanística deberá delimitar estes espazos e establecer para eles unhas determinacións específicas en función da Área do POL no que se localicen, atendendo aos seguintes obxectivos e criterios:



IV.1.15

Taxón endémico. *Omphalores littoralis* Subsp. *Gallaecia*.



IV.1.16

Espazo de Interese de Taxons. Praia do Rosto Costa da Morte.



Punta Viloeira. Portocelo. Costa da Morte.

Obxectivos

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade do mesmo.
- Manter unha paisaxe de calidade ambiental, funciónPotenciar a súa imaxe, tanto desde o mar e as rías como, desde os miradoiros e puntos de observación definidos nas distintas unidades de paisaxe.
- Na medida do posible, manter o carácter das mesmas sexa este natural, urbano ou rural.
- Integrar os usos e actividades autorizables nestes ámbitos.
- Divulgar o seu coñecendo facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios naturais ou antrópicos.

Criterios

- Valorar a exposición visual dos usos e construcións autorizables, así como a alteración da imaxe da área en relación á caracterización, os valores e obxectivos de calidade paisaxística definidos nas fichas das unidades de paisaxe correspondentes.
- Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística dos conxuntos ou elementos que desfiguren os seus trazos e valores identitarios.
- Nas Áreas de Interese Paisaxístico que presenten elementos xeomorfolóxicos de elevado interese ou singularidade, prestarase especial atención á conservación deses valores sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.
- Pór en valor os seus elementos de carácter natural e cultural sobresalientes da área.
- Integrar os usos autorizables de maneira que se sigan identificando os elementos significativos de carácter natural ou cultural representativos da área.

Con todo, e para unha maior cautela, os usos que se desenvolvan nestes ámbitos deberán acompañar un estudo de integración paisaxística conforme ás determinacións recollidas no Título VI da normativa deste Plan.

6.4. OUTROS ESPAZOS CON PROTECCIÓN RECOÑECIDA

Tal e como se indicou, como mecanismo de posta en valor do litoral e, mostra dunha adecuada coordinación administrativa, recolléronse aqueles ámbitos de protección ambiental recoñecidos por outros instrumentos de carácter autonómico, nacional e internacional.

Diferéncianse os seguintes ámbitos:

- Rede Espazos Naturais, espazos recolleitos nalgunha das categorías establecidas no artigo da Lei 9/2001 de Galicia, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.
- Rede Natura 2000 (LICs e ZEPAs)
- RAMSAR

A idea é que estes espazos deberán atender ao establecido para as distintas Áreas do POL, salvo que na súa regulación específica se establezan determinacións máis restritivas .

Isto permite unha xestión dinámica do POL, posto que na medida que estes ámbitos se alteraran por inclusión ou exclusión dalgún espazo en función do desenvolvemento das distintas políticas sectoriais das que depende, o POL modifícase tamén con eles, sen que por este motivo teñan que verse alteradas as súas determinacións substantivas.

6.5. NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

Os núcleos de identidade do litoral responden a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro confírelles unha singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico.

As Directrices de Ordenación do Territorio en tramitación fan referencia á localización na costa galega dun gran número de núcleos e puntos singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial dun ámbito cuxa rápida transformación a levado a unha crecente homoxeneización, debido á proliferación de desenvolvementos descontextualizados e á utilización de modelos urbanísticos e arquitectónicos miméticos e repetitivos. A consecuencia deste proceso non é outáis que o dun paulatino empobrecemento da oferta territorial da comunidade que perde así un dos seus valores clave na riqueza e diversidade destes asentamentos que gardan caracteres xenuínos da costa.

Determináronse 165 núcleos de identidade do Litoral que se atopan recollidos no Anexo 2 do POL. Trátase duns elementos clave desde os que propor unha estratexia ambiciosa de posta en valor dos espazos costeiros. A vontade é que a planificación urbanística delimite estes núcleos e estableza para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do POL no que se localicen atendendo, entre outros, aos seguintes obxectivos e criterios:


Obxectivos

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.
- Potenciar a imaxe que se ten desde o exterior tanto desde o mar e as rías como desde terra.
- Impulsar o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da súa actividade económica sobre a base da calidade, a innovación e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais e culturais do territorio no que se insire e xestiona.
- Apoiar un modelo de ordenación que favoreza o desenvolvemento da súa base patrimonial, prestando especial atención ao mantemento da trama tradicional e a súa relación coa paisaxe.

Criterios

- Establecer determinacións con respecto á relación fondo- figura, que permitan unha lectura clara do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os elementos singulares do mesmo.
- Establecer determinacións específicas para a consolidación da fachada marítima como un signo de identidade do mesmo, con especial atención aos seus elementos característicos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.
- Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como un contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público adecuado ao carácter e a natureza do núcleo.
- Procurar o “esponxamento” do bordo marítimo como ámbito de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.
- Mellorar e conservar os elementos naturais que balizan a fachada marítima, establecéndoas accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no presente Plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.)
- Mellorar os niveis de calidade de vida existentes favorecendo o desenvolvemento sostible.

Variedade e carácter son dous dos conceptos fundamentais para lograr un dos principais obxectivos do Modelo Territorial para a costa galega: impulsar accións de calidade capaces de sacar partido ao enorme potencial da mesma.



IV.1.18

Panchés. Costa da Morte.



Praia de Langosteira. Costa da Morte.

7. ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Os procesos de dispersión e ocupación do solo aos que fixemos referencia ao longo do documento dan como resultado unha situación de preexistencia que non podemos obviar á hora de afrontar o novo modelo territorial que terá que guiar o POL. Con todo, aqueles enclaves que supoñan unha presión sobre espazos con valores recoñecidos no POL deben identificarse ao obxecto de que o plan municipal poida realizar operacións de recualificación e mellora. A fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social, son algúns dos denominadores comúns destas áreas.

Deste xeito, baixo esta categoría recóllense áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais.

De novo a extensión e complexidade da costa de Galicia así como a multiplicidade de situacións fan que algúns destes ámbitos, os máis significativos, queden recolleitos nas fichas de unidades de paisaxe do POL. No entanto, o plan urbanístico no momento de revisión e adaptación ao POL poderá delimitar outras que respondan a estes criterios.

Para o seu desenvolvemento a planificación municipal deberá delimitar estes ámbitos e establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do POL na que se localicen, atendendo aos seguintes obxectivos e criterios. Isto é así porque para o seu desenvolvemento debe existir a previa e adecuada clasificación da planificación urbanística conforme á lexislación vixente. De tal forma que os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme á natureza dos mesmos.

Obxectivos

- Reconversión de ámbitos degradados do litoral de Galicia cuxas características de desenvolvemento son incompatibles co modelo do POL proposto.
- Evitar a formación de pantallas arquitectónicas favorecendo a permeabilidade e conectividade visual coa costa.
- Mellora da imaxe do bordo costeiro.
- Favorecer a conectividade de hábitats.
- Restituír, na medida do posible, a paisaxe natural, rural ou urbana dotándoa da funcionalidade e estrutura que lle son propias, e mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
- Evitar a presión sobre as áreas máis fráxiles e sensibles do litoral.

Criterios

- Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público, favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
- Naturalización, é dicir, favorecer a integración do ámbito na súa contorna natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (río, arroio, bosques, etc.).
- Esponxamento, para preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio e/ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
- Reordenación, para establecer criterios urbanísticos que garantan os obxectivos de idoneidade e calidade dos desenvolvementos establecidos no presente Plan.

Queda tamén claro que a vontade da identificación destes ámbitos non é a de continuar desenvolvendo transformacións no territorio desconformes co modelo proposto. Polo tanto, a súa delimitación poderá ser continua ou descontinua, pero deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións recollidos na normativa para estes ámbitos.

Por ese mesmo motivo non se permitirán crecementos urbanísticos desde estas áreas, as actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente ao existente.

Dado que, como xa indicamos, os ámbitos de recualificación se atopan situados en contornas de valor ambiental e paisaxístico ou premendo algunhas destas áreas, o seu desenvolvemento deberá incorporar un Estudo de Integración Paisaxística. O citado estudo deberá axustar a súa delimitación e o seu alcance en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas así como a morfoloxía e tipoloxías propias dos mesmos e da área xeográfica na que se encontran.

Estes criterios de interpretación deben ser levados a cabo pola planificación municipal no momento da súa adaptación ao POL, incorporando a motivación suficiente para indicar tanto o ámbito como os obxectivos e determinacións do mesmo. Dada a localización destes ámbitos e o carácter desconforme co Plan, o seu desenvolvemento incorporará un Estudo de Integración paisaxística.



IV.1.20

8. SISTEMAS XERAIS TERRITORIAIS

Un plan destas características debe dar resposta tamén ao entendemento sistémico do mesmo ou desde o punto de vista do que podemos chamar os grandes elementos que conforman a súa estrutura xeral orgánica. Así, neste ámbito recóllense as grandes infraestruturas significativas como elementos articuladores do territorio litoral. Dentro desta categoría englobanse as seguintes infraestruturas:

- Portos Estatais.
- Portos Autonómicos.
- Aeroportos.
- Ferrocarrís.
- Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aquelas outras de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
- Infraestruturas de saneamento.

O obxectivo que leva á singularidade destes elementos é dobre, por unha banda o recoñecemento da súa articulación desde políticas públicas sectoriais, e por outro, a vontade dunha efectiva colaboración administrativa.

Aínda que como é lóxico os Sistemas Xerais Territoriais rexeranse pola súa lexislación específica, deberán adoptar como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa. Así, na toma das súas decisións con respecto á súa planificación de carácter sectorial, deberán arbitrar os medios adecuados para incorporar as determinacións establecidas no presente documento relativas á conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Do mesmo xeito é necesario incorporar desde esta colaboración administrativa criterios de integración das obras, instalacións e edificacións relacionadas cos mesmos.

9. MARCO XURÍDICO COMPLEMENTARIO. O CATÁLOGO E AS DIRECTRICES DE PAISAXE

O POL, tal e como indicamos, senta as bases para a elaboración do Catálogo de paisaxe do litoral, posto que define e identifica as distintas unidades que compoñen a paisaxe costeira.

Deste xeito cada unidade de paisaxe está caracterizada mediante unha ficha tal e como se describiu no capítulo 3 do Título III deste documento. No momento actual da tramitación estas fichas conteñen só as determinacións relativas á análise. Froito do proceso de consultas que agora se inicia coas administracións, poderanse contrastar os resultados desta análise para establecer así os obxectivos de calidade paisaxística que deben guiar as distintas políticas públicas á hora de establecer accións ou determinacións nestes ámbitos.

Cando este proceso finalice poderemos dicir que o POL conterá as directrices de paisaxe ás que se refire o artigo 10 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Estes obxectivos de calidade paisaxística xunto coas súas directrices de paisaxe aspiran ao mesmo tempo a ser a expresión das aspiracións da cidadanía en canto á valoración e grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes. A xestión do territorio non é unha cuestión que poida imporse, nin tan sequera ten unha maneira de expresarse coercitiva. Cada día o territorio transfórmase e esas transformacións deben seguir un molde amparado nas políticas públicas, pero tamén co suficiente respaldo social para que haxa vontade de cumprilas.



IV.1.21

*Mugardos. Golfo Ártabro.
Costa Norte de Ferrol.*

10. CONCLUSIÓN

Ao longo das últimas décadas e nun período moi curto de tempo, Galicia, e sobre todo o seu litoral, experimentou transformacións como nunca antes fora capaz de facer. Durante este período, a dispersión do espazo construído e, moi especialmente, a urbanización difusa provocou unha importante fragmentación territorial e paisaxística. A ocupación do adoito froito de crecemento urbanístico desorganizado, especialmente incoherente, desordenado e desligado dos asentamentos urbanos tradicionais alterou, nalgúns casos de maneira intensa, a lóxica territorial de boa parte do litoral. Esta dispersión do espazo construído, xunto coa implantación de determinados equipamentos e infraestruturas pesadas, así como a xeneralización dunha arquitectura allea ao carácter do lugar -en especial nalgunhas áreas turísticas-, deu como resultado unhas paisaxes dominadas cada vez máis pola homoxeneización.

Do mesmo xeito, en ocasións algúns crecementos, a pesar de implantarse en zonas sensibles do territorio, impóñense a el alterando e transformando valores naturais ou paisaxísticos que facían que ese espazo fose demandado socialmente.

Noutras ocasións non se trata xa tan só dunha alteración do patrimonio natural ou dunha perda da biodiversidade, senón que a isto temos que sumarlle a construción en enclaves illados sen elementos de cohesión social desligados dos seus núcleos fundacionais. Estes enclaves demandan servizos e aumentan a mobilidade colaborando así a un proceso globalizado de dispersión que se afasta dun uso racional do solo. Moitos problemas ambientais teñen a súa orixe no uso do solo, que conduce ao cambio climático, a perda de biodiversidade e a contaminación das augas, os solos e o aire. Os efectos poden ser directos (por exemplo, destrución de hábitats ou paisaxes naturais) ou indirectos (por exemplo, o selado do solo e a deforestación, que aumentan os riscos de inundación).

En todo o mundo parece entenderse cada vez con máis claridade que o territorio é un sistema tanto económico, como natural e cultural. Polo tanto, as transformacións nel producidas, aínda que teñan unha escala local, colaboran sempre con outras de carácter global. Tan só é posible dirixir procesos como os descritos con anterioridade mediante a implantación dunha política conxunta comprometida de ordenación do territorio e a paisaxe.

Precisamente por estes criterios xenéricos que se adoptaron, establecéronse atendendo, entre outras, ao Convenio Europeo da Paisaxe e á Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. É dicir, todas as formas das paisaxes, naturais, rurais, urbanas e periurbanas, e tanto as emblemáticas como as ordinarias son merecedoras de recoñecemento posto que todas concirnen os compoñentes naturais e/ou culturais. Polo tanto, considérase que estes valores naturais e culturais están ligados á diversidade e calidade das paisaxes e supoñen un deber para as distintas administracións de traballar colectivamente na súa protección, planificación e xestión.

Deste xeito, todo o territorio recolleito neste Plan é un territorio que conforma dun e outro modo a paisaxe costeira de Galicia, posto que recolle os terreos e elementos con relación ambiental, funcional, urbanística ou visual coa costa. Por iso mesmo, todo o territorio está contido nalgún ámbito do POL e debe atender ás determinacións nel establecidas.

Mediante este réxime podemos entender que o POL dá cumprimento á regulación específica para este instrumento contida na Lei 6/2007 de medidas urxentes de protección do litoral que, acaba de precisar o seu obxecto ou, en termos da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, a súa funcionalidade (“terán, en todo caso, a forza vinculante que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance con que terán que operar”, artigo 14.1).

Esta funcionalidade vén pois concretada pola Lei 6/2007 ao outorgarlle un dobre obxecto no seu artigo 2:

- Por unha banda, establecer “criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral...”;
- Por outra banda, adoptar a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

E, da mesma maneira, dáse cumprimento ao mandato da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que establece no seu artigo 5 a necesidade de que:

1. Os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.
2. Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Confiamos que a transversalidade deste traballo, no que se trata de maneira coordinada a ordenación do territorio e a paisaxe, colaborará a un maior coñecemento dos valores do territorio costeiro e unha maior racionalidade das súas transformacións o que redundará na mellora da calidade e funcionalidade do sistema territorial.

Do mesmo xeito confiamos en que o proceso de participación institucional e pública sirva para chamar a atención sobre a necesidade dun cambio de modelo para o litoral, ao mesmo tempo que se contrastan a documentación e as análises realizadas.

Todo iso co obxectivo de avanzar na consecución dun instrumento efectivo de protección, ordenación e xestión do litoral de Galicia.

